


TUTORIAL PARA XUSTIFICAR AS FALTAS CON ABALARMOBIL

Debemos ter instalado AbalarMóbil no noso teléfono. Podemos descargalo dende <https://play.google.com/store/apps/details?id=es.xunta.edu.abalarmobil&hl=es&gl=US>


Para que funcione correctamente ten que instalarse nun dos teléfonos móbiles (do pai, nai ou titor/a legal) que teñamos rexistrados no centro. No caso de cambiar de número deben comunicárnolo para que o sistema funcione.

O profesorado rexistrará periodicamente as faltas, e cando o faga saltaralle un aviso na app.





Notificación de faltas de asistencia.

Se clicamos en “Faltas” vemos en que días e sesións se produciron as faltas.


	<p><i>Vemos as sesións e días nos que se producíu a falta.</i></p>
---	--

Clicamos na falta que queremos xustificar

	<p><i>Abréase unha ventá na que temos que escribir o motivo da falta.</i></p>
---	---



Escribimos o motivo da falta



Clicamos na icona do clip e podemos adxuntar unha foto do xustificante.

17:22 Faltas

24 Setembro

- Educación artística
Xustificada pola familia (pendente do centro)
9:45 - 10:35 ASISTENCIA
- Educación física
Non xustificada
10:35 - 11:25 ASISTENCIA

22 Setembro

- Matemáticas
Non xustificada
9:45 - 10:35 ASISTENCIA
- Lingua galega e literatura
Non xustificada
10:35 - 11:25 ASISTENCIA
- Lingua castelá e literatura
Non xustificada
11:25 - 12:15 ASISTENCIA

ASISTENCIA CONDUCTA

A falta queda pendente para que o profesorado acepte ou non a xustificación.